

A PALLEIRA



A palleira é unha construción típica da arquitectura popular galega, empregada maioritariamente para a almacenaxe de herba seca ou palla, e tamén dos apeiros de labranza ou o carro.

Segundo a zona onde nos atopemos recibe distintos nomes e acepcións en función do seu uso: palletete, alboio, alpendre, cabanel, celeiro, cuberto, etc.

A palleira do Pazo da Pena foi antigamente empregada como construción anexa para gardar os apeiros e instrumentos de labranza, e almacenar herba e outros produtos procedentes dos traballos agrícolas que se desenvolvían nos arredores do Pazo.



EXPOSICIÓNS ETNOGRÁFICAS PAZO DA PENA

Lugar da Pena, Rozavales.
32781 Manzaneda - Terra de Trives - Ourense.
e-mail: info@pazodapena.com
Telf: 988 333 038
www.pazodapena.com/exposicions

COORDENADAS
GD: Latitude: 42.3038 | Lonxitude: -7.238
GMS: 42°18'13.68" N | 7°14'16.8" O

A PALLEIRA



PAZO DA PENA



A CULTURA AGRARIA

As orixes da estrutura agraria galega actual hai que buscalas no réxime señorial medieval, cando a Igrexa posuía a meirande parte das terras, compartidas en menor medida coa nobreza laica.

Os campesiños accedían a traballar as terras a través dun contrato. Este sistema foral condicionou o pequeno tamaño das explotacións agrarias actuais e a diseminación poboacional en pequenas aldeas.



O sistema foral perdeu ata comezos do Século XX, cando os campesiños se organizaron nas coñecidas como “sociedades agrarias” e comezaron a loitar pola abolición dos foros.

Como resultado destas loitas, alén doutras circunstancias, a ditadura de Primo de Rivera establece a redención dos foros por un decreto do 1926 aínda que xa con anterioridade, e perante a situación de conflito xeralizado, se redimiran moitos foros a título particular. O pequeno tamaño no que se fragmentaron as terras, favoreceu dende entón unha agricultura caracterizada polo policultivo de subsistencia.



OS APEIROS AGRICOLAS

Auténticos tesouros etnográficos, abundantes e moi variados, que cumprían diferentes funcións e evidencian a rica multiplicidade de usos e respostas ás necesidades dos labores do campo.




PARA A PREPARACION DA TERRA: arados, grades, canizos sachadeiras, sachos, legóns, picañas, picarañas, aixadas....

PARA CURZAR: gadañas, fouces e fouciños

PARA A RECOLLIDA: instrumentos con dentes como galletas, forquitas, forcadas ou angazos.


PARA DEBULLAR: os mallos

○ ARADO



Partes do arado. 1. Rabiza; 2. Temón; 3. Chavella; 4. Teeiro; 5. Seita; 6. Rostro; 7. Amexela; 8. Abeacas; 9. Rella

○ CARRO



Partes do carro. 1. Estadullos ou fungueiros; 2. Cheda; 3. Soallo; 4. Eixo; 5. Chumaceira; 6. Apeladoiras; 7. Tufo; 8. Cadea; 9. Pecho; 10. Cabellazo; 11. Chavella; 12. Camba; 13. Ollal; 14. Rella; 15. Mión; 16. Ferrá